

XVI ENCONTROS DE EDUCACION PARA A PAZ

“Conflictividade e Convivencia escolar”

29 de Marzo a 1 de Abril de 2.001

SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

Os relatores e participantes nos XVI Encontros de Educación para a Paz celebrados en Santiago de Compostela entre o 29 de Marzo e o 1 de Abril acordan facer públicas as seguintes Conclusións para coñecemento xeral e, en particular, do profesorado e as autoridades educativas de Galicia

PRIMEIRA:

A natureza dos conflitos existentes nos centros educativos galegos é a propia das organizacións complexas, son problemas de baixa intensidade e están relacionados directamente con dificultades entre pares ou iguais e entre estamentos (insultos, burlas, ameazas, coaccións, abusos, indisciplina, falla de respecto, pintadas, pelexas, hurtos...) que non poden enturbiar un clima xeral e maioritario de convivencia.

SEGUNDA:

A etiología dos conflitos de convivencia nos centros escolares é múltiple e diversa, a maioría teñen orixe fora do ámbito escolar e reproducen nel as carencias afectivas, as frustracións, os resentimentos e os valores ensalzados por unha sociedade cada vez máis individualista, competitiva e violenta, favorecedora do éxito inmediato e a calquer prezo.

TERCEIRA:

A conflictividade escolar é un fenómeno crecente. Percibido así pola sociedade e polos distintos sectores da comunidade educativa temos que afrontala como un desafío ou como un reto profesional, non tanto como unha desgracia paralizante. O seu tratamento axeitado esixe recursos económicos e humanos, programas concretos de Convivencia (na liña dos materializados noutras CC.AA desde fai varios anos) de carácter global e dirixidos a tódolos sectores implicados, así como unha planificada e diversificada formación do profesorado en exercicio, tanto no propio centro como de carácter centralizado.

CUARTA:

A titoría enténdese como a figura e a función máis relevante á hora de poñer en marcha iniciativas e proxectos de Educación para a Convivencia. Compre xa que logo revitalizala, enchela de contido e dotala da retribución correspondente.

QUINTA:

A Educación para a Convivencia, os seus contidos, metodoloxías e dinámicas, deben figurar no Proxecto Educativo de Centro (PEC) por canto que espontáneamente os conflitos non se resollen. As medidas adoptadas serán esencialmente educativas, formativas, por canto que esa é a función primeira e principal do profesorado. Son os profesores e profesoras os profesionais encargados de adaptar a institución escolar ó alumnado e non á inversa.

SEXTA:

O diálogo, a participación democrática real, a corresponsabilidade na xestión, o compromiso mutuo dos distintos sectores da comunidade educativa son imprescindibles á hora de elaborar e poñer en marcha as normas (poucas e claras) de disciplina e os regulamentos de réxime interno, para que sexan coñecidas e recoñecidas como propias polos diferentes sectores, o que esixe fórmulas eficaces de comunicación.

SÉPTIMA:

A formación pedagóxica do profesorado de secundaria (CAP) percíbese como insuficiente e demándase unha alternativa que supla realmente as carencias detectadas.

OITAVA:

A masificación, os macrocentros escolares, as elevadas ratios na secundaria, a coexistencia de nenos e nenas moi novos, desde os tres anos de idade, con outros adolescentes e mozos, de ate 18 anos, percíbese como fonte de conflitos e non parece a mellor e máis educativa forma de agrupamento escolar.

NOVENA:

Compre constituir e facer funcionar os órganos de convivencia dos centros escolares previstos na lexislación (Comisión de Convivencia, defensor do centro ou do estudante...), cumprir e facer cumprir a normativa de dereitos e deberes e, mesmo nalgún caso excepcional, crear a figura do mediador nas institucións educativas.

DECIMA:

Os equipos directivos teñen unha enorme responsabilidade na posta en marcha de Programas de Convivencia nos centros porque son os centros con mellores e máis dinámicos equipos de dirección os que son capaces de prever e crear unha atmósfera de convivencia, un clima escolar que desactive a conflictividade. A formación específica dos estamentos de dirección na prevención e resolución pacífica de conflitos considérase de suma importancia e urxencia.